

SARABELA TEATRO PRESENTA UNHA OBRA DE
BÁRBARA COLIO

**P E Q U E N A S
C E R T E Z A S**

FERNANDO DACOSTA
ELENA SEIJO
NATE BORRAJO
SABELA GAGO
FINA CALLEJA



DIRECCIÓN
ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

AGADIC
Axencia Galega das
Industrias Culturais

XUNTA
DE GALICIA

SARABELA
TEATRO

Concello de
OURENSE
Cultura

AUDITORIO
MUNICIPAL
DE OURENSE



**Premio Internacional
María Teresa León
para Autoras Dramáticas
(2004)**

.....
Estrea: SETEMBRO 2014
.....

SINOPSE

Mario desapareceu. Natalia emprende unha viaxe á cidade natal de Mario. Aí atópanse cos seus irmáns, coa noticia dunha fraude, e con decatarse de que ninguén coñecía de todo a Mario. O enfrontamento entre as familias estala. Seres desamparados ante a certeza de que só poderán sobrevivir, se poden asirse ás pequenas conviccións cotiás que a vida lles dá.

Pequenas certezas explora a presenza de alguén a través da súa ausencia: Mario desaparece e na súa busca familiares e amigos atopan que as versións de cada un deles en torno á mesma persoa son distintas e ás veces contrapostas.

A nosa existencia confórmase de todo o que temos e tamén de todo o que perdemos. Cando o noso corpo perde un órgano, el mesmo protéxese enchendo ese baleiro coa creación de novas conexións, así na vida, cando se nos extrae un amor, unha presenza, un ser que é parte de nós, tamén debemos encher ese baleiro. Un preséntase ante os outros como ese que se ve aí, pero só un sabe de todas as ausencias, as mortes, os cambios de costumes que nos acompañan, fannos ser o que somos.

Unha historia de CRUZAMENTOS, SUSPENSE e HUMOR

A OBRA

Explora a presenza de alguén a través da súa ausencia: Mario desaparece e na súa busca familiares e amigos atopan que as versións de cada un deles en torno á mesma persoa son distintas e ás veces contrapostas.

A nosa existencia confórmase de todo o que temos e tamén de todo o que perdemos. Cando o noso corpo perde un órgano, el mesmo protéxese enchendo ese baleiro coa creación de novas conexións, así na vida, cando se nos extrae un amor, unha presenza, un ser que é parte de nós, tamén debemos encher ese baleiro. Un preséntase ante os outros como ese que se ve aí, pero só un sabe de todas as ausencias, as mortes, os cambios de costumes que nos acompañan, fannos ser o que somos. 2009. É apoiada polo Fondo Iberoamericano Iberescena de Creación Dramática 2011.

Como docente desenvolveu distintos laboratorios de dramaturxia que impartiu en varios estados do país, Estados Unidos, e Lima, Perú.

AUTORA



Bárbara Colio é membro do Sistema Nacional de Creadores de Arte. Recibe o Premio Internacional María Teresa León para Autoras Dramáticas 2004, España, pola súa obra Pequeñas certezas, sendo a primeira mexicana en obter devandito galardón. Esta obra estréase en México (2007), en Inglaterra (2008) e en Perú (2009). Editada pola editorial A Centena, en México, a ADE en España, e polo selo Nick Herm Books en Inglaterra. Colio iniciouse en 1988 na arte teatral como actriz en Baixa California, ao que lle seguiu a produción independente, e a dirección escénica.

Dedícase ás letras desde 1998. Realiza o Diplomado en Dramaturxia na Escola de Letras de Madrid, España. Foi escritora residente do programa The Royal Court Theatre International Residency for Emerging Playwrights en Londres e no Writers Room, en Nova York.

En dúas ocasións foille outorgado o Premio Estatal de Literatura de Baixa California. Conta con máis dunha quincena de textos publicados, os cales foron levados a escena en diversos puntos de México, Estados Unidos, Europa e América do Sur. Obtén o Premio Nacional Víctor Hugo Rascón Banda 2009 e o Premio a Mellor Obra Xornalística pola Asociación de Xornalistas Teatrais, pola súa obra Vostede está aquí, estreada en 2010, e pola súa obra Cordas recibe o Premio Nacional de Dramaturxia de Belas Artes 2009. É apoiada polo Fondo Iberoamericano Iberescena de Creación Dramática 2011.

Como docente desenvolveu distintos laboratorios de dramaturxia que impartiu en varios estados do país, Estados Unidos, e Lima, Perú.



ELENCO

FERNANDO DACOSTA XOÁN
ELENA SEIJO NAI
NATE BORRAJO NATALIA
SABELA GAGO SOFÍA
FINA CALLEJA OLGA

REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO

Deseño de escenografía

SUSO MONTERO

Deseño de iluminación

BALTASAR PATIÑO

Deseño de vestuario

MARTA ANTA

Deseño gráfico e proxeccións

EXPRESIVA

Espazo sonoro

RENNATA CODDA FONS

Deseño de maquillaxe

RAQUEL F. FIDALGO

Fotografía

MARIO G. HERRADÓN

Gravación e DVD

ALBA V. CARPENTIER

Publicidade e Campaña de Comunicación

XOANA PARDEVILA

Distribución

FINA CALLEJA

Produción artística e económica

CARLOS DOMÍNGUEZ DEL RÍO

Técnicos en escena

RUBÉN DOBAÑO, J.M. BAYÓN

Tradución

NATE BORRAJO

